

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS*

CONFERENCIA

**Música e xénero na Idade de Prata:
compositoras españolas excluídas do relato**
PILAR SERRANO BETORED

Sede Afundación (rúa do Vilar, 19)
luns 10 outubro | 19.30

CINEMA, DOC, MÚSICA...

**VISION. AUS DEM LEBEN
DER HILDEGARD VON BINGEN**
(Visión. A historia de Hildegard von Bingen)

Margarethe von Trotta. Alemaña, 2009
Barbara Sukowa, Heino Ferch, Hannah Herzsprung

Sede Afundación (rúa do Vilar, 19)
martes 4 outubro | 19.00

NANNERL, LA SOEUR DE MOZART
(Nannerl, a irmá de Mozart)

René Féret. Francia, 2010
Marie Féret, Marc Barbe, Delphine Chulliot, Lisa Féret

Sede Afundación (rúa do Vilar, 19)
mércores 5 outubro | 19.00



VENDA DE ABONOS E LOCALIDADES

PREZO ABONO 4 CONCERTOS 35 euros [máis gastos de xestión]
a partir do 19 de setembro

PREZO ENTRADA CONCERTO

12 euros (7 outubro) / 10 euros (11 e 21 outubro)


15 euros (24 outubro) [máis gastos de xestión] a partir do 26 de setembro

* ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: asistencia gratuíta até completar o aforo

Organiza



Patrocinan



Colaboran



ATENEOD
BARROCO

FESTIVAL DE MÚSICA ANTIGA E BARROCA

Santiago de Compostela

4ª edición / 4 - 24 outubro 2022

ATE
NEOD
SANT
IAGO

www.festivalateneobarroco.gal | www.ateneodesantiago.gal

Animados e impulsados pola magnífica acollida do público compostelán e galego, polo alto nivel artístico acadado, o excelente impacto a nivel de difusión e comunicación e, en resumo, a boa imaxe e sensacións deixadas polas tres primeiras edicións do festival Ateneo Barroco, uns resultados non sinxelos de acadar no debut dun festival novel, especialmente con edicións marcadas polo devir e as circunstancias extraordinarias determinadas pola pandemia provocada pola Covid19, a asociación Ateneo de Santiago presenta a cuarta edición do Festival Ateneo Barroco para o mes de outubro de 2022. Esta proposta musical, orixinal e singular en Galicia nestes momentos polos seus contidos e a súa concepción, toma como punto de partida as músicas antigas e do Barroco, músicas que ben poden simbolizar un período de intercambio e diálogo cultural no que o Camiño de Santiago resultaba transcendental e no que podemos atopar un espello no que mirarnos e inspirarnos, especialmente en momentos históricos como o actual, no que a comprensión, a tolerancia, o debate e a solidariedade a través da música, linguaxe universal, resultan máis imprescindibles que nunca para a convivencia. Cada ano o festival Ateneo Barroco propón, dende unha nova perspectiva, o achegamento ao vasto e riquísimo mundo da música antiga e barroca na súa busca por ofrecer puntos de vista e de reflexión, de abordaxe e descubrimento, que no 2022 facemos dende o punto de vista da creación, da composición, aproximando, descubrindo ou redescubriendo, a compositoras e compositores importantes, seguramente menos coñecidos que outros grandes protagonistas e creadores da historia da música que gozan dunha moita maior difusión, pero sobre os que non faltan argumentos e razóns para reivindicar a súa obra. "Xenios Singulares: compositoras e compositores, os impulsos da creación" resume como titular unha programación que desexa contribuír a visibilizar tamén o valor de mulleres que nos deixaron como legado unha obra espléndida e para as que debemos reclamar un merecido lugar entre os compositores máis célebres e non só polo mero feito de ser mulleres compositoras.



ATENEO BARROCO

ISABELLA LEONARDA

Salmos e motetes

ROBERTA INVERNIZZI *soprano*

QVINTA ESSENÇA

MANUEL VILAS *arpa e dirección*

Paraninfo da Universidade (Facultade de Xeografía e Historia)

venres 7 outubro | 20.30

POETICALL MUSICKE

Tobías Hume e a viola da gamba nas illas británicas

CAPELA COMPOSTELANA

JULIETA VIÑAS *voz e viola da gamba*

FRANCISCO LUENGO *violoncelo, viola da gamba baixo, tenor e soprano*

XURXO VARELA *violoncelo, viola da gamba baixo e tenor*

Igrexa da Universidade

martes 11 outubro | 20.00

JOSQUIN DESPREZ

No Divino Aposento: Josquin en cifras para cantar e tanxer

ARMONÍA CONCERTADA

MARÍA CRISTINA KIEHR *soprano*

JONATAN ALVARADO *tenor*

ARIEL ABRAMOVICH *vihuelas de man*

Teatro Principal

venres 21 outubro | 20.00

MUERA CUPIDO

Sebastián Durón, José de Nebra e a tradición musical teatral en España ao redor de 1700

NÚRIA RIAL *soprano*

ACCADEMIA DEL PIACERE

FAHMI ALQHAH

JOHANNA ROSE *viola da gamba*

RAMI ALQHAH *violón*

JAVIER NÚÑEZ *clave*

Teatro Principal

luns 24 outubro | 20.00